



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7

36600 Vilagarcía de Arousa

Telf.: 986 566 440

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE ALEMÁN 2023 - 2024



Contenido

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1 Marco legal	4
1.2 O departamento de alemán.....	5
2. O NIVEL BÁSICO A1 e A2.....	6
2.1. Obxectivos específicos do nivel básico A1-A2	8
2.1.1. Actividades de comprensión de textos orais	8
2.1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	8
2.1.3. Actividades de comprensión textos escritos	9
2.1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	9
2.1.5. Actividades de mediación	10
2.2. Competencias e contidos	11
2.2.1. Socioculturais e sociolingüísticos	11
2.2.2. Estratéxicos.....	11
2.2.3. Funcionais.....	12
2.2.4. Discursivos.....	14
2.2.5. Sintácticos.....	14
2.2.6. Léxicos.....	15
2.2.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.....	16
2.3 Secuenciación dos contados en unidades didácticas.....	17
2.3.1 . A1.....	17
2.3.2 A2.....	32
2.4 Criterios cualitativos de avaliación	51
3. O NIVEL INTERMEDIO B1 e B2.....	51
3.1. Obxectivos específicos do nivel Intermedio.....	53
3.1.1. Actividades de comprensión de textos orais	53
3.1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais	54
3.1.3. Actividades de comprensión textos escritos	55
3.1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	56
3.1.5. Actividades de mediación	57
3.2. Competencias e contidos	58
3.2.1. Socioculturais e sociolingüísticos	58
3.2.2. Estratéxicos.....	58
3.2.3. Funcionais.....	60
3.2.4. Discursivos.....	62
3.2.5. Sintácticos.....	63
3.2.6. Léxicos.....	64
3.2.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.....	65
3.3. Secuencia dos contidos en unidades didácticas.....	66
3.3.1. B1.1.....	66
3.3.2. B1.2.....	80
3.3.3. B2.....	92
3.4. Criterios cualitativos de avaliación	109
4. Cursos monográficos para o público en xeral	110

4.1. Deutsch Aktiv B2.....	110
4.1.1. Destinatarios	110
4.1.2. Obxectivos xerais	110
4.1.3. Obxectivos específicos.....	110
4.1.3.1. Actividades de produción e coprodución de textos orais	111
4.1.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	111
4.1.3.3. Actividades de mediación	111
4.1.4. Competencias e contidos	112
4.1.5. Secuencia dos contidos en unidades didácticas.....	113
4.2. Deutsch für den Tourismus	119
4.2.1. Destinatarios	119
4.2.2. Obxectivos xerais	119
4.2.3. Obxectivos específicos.....	120
4.2.3.1. Actividades de produción e coprodución de textos orais	120
4.2.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos escritos	120
4.2.3.3. Actividades de mediación	121
4.2.4. Competencias e contidos	121
4.2.5. Secuenciación dos contidos en unidade didácticas.....	122
4.4. Criterios de avaliación	131
5. METODOLOXÍA	131
5.1. Os enfoques metodolóxicos	132
5.2. Relación docente-aprendiz.....	133
6. RECURSOS	135
6.1. Materiais didácticos	135
6.2. Materiais recomendados por nivel.....	135
6.3. Materiais de lectura recomendados.....	135
6.4. Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC e TAC)	135
6.5. Recursos humanos	137
7. DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)	
.....	137
7.1. Contidos.....	138
7.2. Metodoloxía	139
7.3. Avaliación.....	139
8. AVALIACIÓN	140
8.1. Procedementos de avaliación	140
8.2. Tipos de avaliación	141
8.2.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)	141
8.2.2. Avaliación de progreso (ou formativa)	141
8.2.3. A autoavaliación	142
8.2.4. Avaliación de promoción (ou sumativa)	142
8.2.5. Avaliación certificadora.....	142
8.2.6 Seguimento do desenvolvemento da programación	143
8.2.7 Avaliación interna do departamento	143
9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ou COMPLEMENTARIAS	144

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Marco legal

Esta programación didáctica está elaborada en base á seguinte regulamentación e referencias

Normativa de idiomas de ámbito estatal

- A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Real Decreto 1041/2017, de 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto (BOE 23/12/2017)
- Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial (BOE 12/01/2019)

Normativa de idiomas de ámbito autonómico

- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial nas Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Orde do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 11 de xullo de 2017 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2017/18.
- Circular 3/2018, do 19 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2018-2019
- Circular 6/2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a organización dos niveis básico e intermedio das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2018-2019.
- Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.
- Circular 3/2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2020-2021.
- Circular 6/2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a organización dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English!* para o curso 2020-2021.
- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24.

Outra documentación de referencia

- Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL).
- Portfolio europeo das linguas (PEL).
- Guía curricular para a elaboración das programacións didácticas das EEOOI 2018.

1.2 O departamento de alemán

O departamento de alemán está composto por 3 profesoras nun espazo independente e coa seguinte oferta educativa:

ALEMÁN 2022-2023			
Código do grupo	Curso e nivel	Horario	Días da semana
AL-A1-1	Nivel Básico A1	15.30-17.30	Martes, venres

AL-A1-2	Nivel Básico A1	19.30 - 21.30	Luns, xoves
AL-A2-1	Nivel Básico A2	15.30 - 17.30	Luns, mércores
AL-A2-2	Nivel Básico A2	19.30 - 21.30	Martes, xoves
AL-B1.1	Nivel Intermedio B1	19.30 – 21.30	Luns, mércores
AL-B1.2	Nivel Intermedio B1	17.30-19.30	Martes, xoves
AL-B2	Nivel Intermedio B2	17.30-19.30	Martes, xoves
AL-PUB-XER-B2	Monográfico de produción oral e escrita B2 “Deutsch Aktiv”	17.30 - 19.30	Luns, mércores
AL-PUB-XER-A1-A2	Monográfico de produción oral e escrita A1-A2 “Deutsch im Tourismus”	17.30 - 19.30	Luns, mércores

2. O NIVEL BÁSICO A1 e A2

O Nivel Básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia **A2** do MCERL.

Definición do nivel

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

A1

- Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.
- Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiáns e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

A2

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
- Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2.1. Obxectivos específicos do nivel básico A1-A2

2.1.1. Actividades de comprensión de textos orais

No nivel A1

- **Comprender** o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.
- **Seguir** un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.
- **Comprender** instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- **Comprender** a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

No nivel A2

- **Comprender** frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- **Comprender** o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.
- **Comprender** o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.
- **Comprender** a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- **Comprender** o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

2.1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

No nivel A1

- **Establecer** contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
- **Presentarse** e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.
- **Participar** en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

- **Interactuar** para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.
- **Solicitar**, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

No nivel A2

- **Desenvolverse** nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- **Desenvolverse** en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- **Describir** nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- **Expoñer** plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.
- **Solicitar** a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

2.1.3. Actividades de comprensión textos escritos

No nivel A1

- **Comprender** carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.
- **Comprender** instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)
- **Comprender** o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- **Comprender** información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.
- **Comprender** información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.
- **Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

No nivel A2

- **Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.
- **Comprender** tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.
- **Comprender** as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.
- **Comprender** textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.
- **Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.1.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos

No nivel A1

- **Completar** documentos básicos nos que se solicite información persoal.
- **Tomar notas** a partir dunha información moi sinxela e predicible.
- **Escribir** mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- **Intercambiar** correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.
- **Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

No nivel A2

- **Intercambiar** información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.
- **Describir** de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.
- **Intercambiar** correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- **Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.1.5. Actividades de mediación

No nivel A1

- **Transmitirlle** oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.
- **Mediar** en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.
- **Repetir** a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

No nivel A2

- **Transmitirlle** oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- **Transmitirlle** oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

- **Mediar** en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.
- **Resumir** brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.
- **Tomar notas** moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

2.2. Competencias e contidos

2.2.1. Socioculturais e sociolingüísticos

<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p>	
A1	A2
<p>Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, transporte...</p> <p>Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá</p>	<p>Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...</p> <p>Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestuario...</p>

2.2.2. Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

A1

A2

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- **Distinguir** o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- **Formular** hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- **Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- **Planificar** a estrutura básica do texto.
- **Ensañar** o texto oral ou escrito.
- **Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito ó destinatario, ao contexto e á canle.
- **Aproveitar** os coñecementos previos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Probar** novas expresións.
- **Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- **Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- **Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- **Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- **Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- **Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- **Comprobar** hipóteses.
- **Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- **Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.
- **Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

2.2.3. Funcionais

<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
A1	A2
<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e incompreensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir). - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información sobre datos persoais. - Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. - Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa. - Indicar posesión. - Indicar onde e cando ocorre algo. - Referirse a accións cotiás presentes. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar intereses, preferencias e gustos. - Afirmar e negar algo. - Mostrar acordo e satisfacción. - Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar sensacións físicas e sentimentos. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda, obxectos e servizos. - Invitar, e reaccionar adecuadamente. 	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. - Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. - Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e falta de comprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. - Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas, obxectos e lugares. - Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. - Expoñer proxectos e formular hipóteses. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar un feito. - Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. - Expresar coñecemento ou descoñecemento. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar estados de ánimo. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. - Suxerir unha actividade.

2.2.4. Discursivos

<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
A1	A2
<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formularios - Listaxes - Horarios - Billetes e entradas - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Dicionarios - Folletos informativos ou publicitarios - Notas e mensaxes <p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas moi sinxelas 	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Formularios - Listaxes - Etiquetas de produtos e embalaxes - Folletos informativos ou publicitarios - Biografía - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Axendas e diarios - Textos sinxelos e breves - Informacións meteorolóxicas - Notas e mensaxes - Instrucións sinxelas - Programacións de radio e televisión - Receitas de cociña moi sinxelas - Carteleiras de espectáculos <p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara e telefónicas sinxelas - Instrucións e anuncios - Presentacións públicas

2.2.5. Sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

A1	A2
<ul style="list-style-type: none"> - O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número. - O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais - O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais - O demostrativo. Formas, contraccións e usos - O posesivo. Formas e usos - Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais - Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos - As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común - O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións - O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección - As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente - A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos - Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos 	

2.2.6. Léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

A1	A2

- **Actividades cotiás:** hábitos e horarios...
- **Alimentación:** léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- **Bens e servizos públicos:** xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** aparellos de uso cotián...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- **Compras e actividades comerciais:** establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- **Educación:** material e actividades da aula, centros de ensino...
- **Identificación persoal:** datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- **Información e medios de comunicación:** noticias e reportaxes sinxelas...
- **Relacións familiares e sociais:** parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- **Saúde e coidados físicos:** estado físico, partes do corpo...
- **Tempo libre e ocio:** actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- **Traballo e profesións:** actividades profesionais máis habituais...
- **Viaxes:** nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- **Vivenda, fogar e contorna:** partes da casa, mobiliario básico...

2.2.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

A1

A2

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

2.3 Secuenciación dos contados en unidades didácticas

2.3.1 . A1

Unidade didáctica 0

Tema	Deutsch ist easy!
Temporalización 12/09 - 29/09/2023	4 sesións de 120 minutos
Obxectivo	Identificar coñecementos previos da lingua meta
Tarefa final e microtarefas	Presentarse na clase
Contidos funcionais	Saudar Recoñecer internacionalismos Recoñecer nomes de países
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais: Formas de tratamento sinxelas
Contido léxico-semánticos	Identificación persoal: Nome e orixe Léxico internacional Países e linguas

Contidos gramaticais	Pronomes persoais en nominativo (ich, du) Partículas interrogativas: wo, woher, was Präpositionen: in, aus
Contidos fonéticos	Características fonéticas do alemán O Alfabeto Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas. Representación gráfica de fonemas e sons
Contidos socioculturais	Convencións sociais: Fórmulas de cortesía. Apelidos

Unidade didáctica 1

Tema	Willkommen!
Temporalización 02/10-17/10/2023	4 sesións de 120 minutos
Obxectivo	Dar e pedir información persoal.
Tarefa final e microtarefas	<i>Steckbriefe der Klasse virtuell schreiben (Colgar no corcho da aula virtual)</i>
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Saudar (inicio e despedida) Presentarse e presentar a outras persoas Control da comunicación: Deletrear e confirmar información Información xerais: Solicitar y responder a informacións básicas Recoñecer internacionalismos Opinións e valoracións: Expresar gustos
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais: Formas de tratamento sinxelas
Contido léxico-semánticos	Identificación persoal: Nome, lugar de residencia e orixe Relacións humanas e sociais: formas de tratamento sinxelas
Contidos gramaticais	Pronomes persoais en nominativo (ich, du, er, sie, Sie) Posesivos en nominativo (mein/-e, dein/-e, Ihr/-e) Partículas interrogativas: wie, wer, wo, woher, was Präpositionen: in, aus
Contidos fonéticos	Características fonéticas do alemán O Alfabeto

	Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas. Representación gráfica de fonemas e sons
Contidos socioculturais	Convencións sociais: Fórmulas de cortesía. Apelidos

Unidade didáctica 2

Tema	Name, Adresse, Beruf
Temporalización 18/10-01/11/2023	4 sesións de 120 minutos
Obxectivo	Preguntar e expresar o estado de ánimo. Cubrir un formulario con datos persoais.
Tarefa final e microtarefas	<i>Presentación nun audioforo como voxopop ou audioboo (audio oder video) voicethread o perfil para buscar amigos con intereses iguais ou diferentes.</i>
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Preguntar e dicir como un ou alguén está. Información xeral: Preguntar pola profesión. Preguntar pola dirección e número de teléfono. Cubrir un formulario cos datos persoais. Opinións e valoracións: Expresar gustos. Verbo mögen
Contidos sociolingüísticos	Relacións persoais: Conversas Small-Talk. Intercambio de tarxetas de visita. Edición de perfís persoais.
Contido léxico-semánticos	Identificación persoal: Enderezo, teléfono e enderezo electrónico Relacións humanas e sociais: Fórmulas para preguntar polo estado de ánimo. Traballo e profesións: Profesións
Contidos gramaticais	A oración simple: Oración declarativa Oración interrogativa: Verbo en posición inicial. Preguntas si/non. Pronomes persoais: Caso: nominativo Determinantes: Posesivos: nominativo Numerais: cardinais do 0-1.000 Expresión do presente Preposicións: als, bei.

	Composición: Formación do feminino das profesións.
Contidos fonéticos	Pronunciación dos verbos, números do 1-100 Recoñecer o acento tónico Adestrar pronunciación a través da lectura acompañada Adestrar pronunciación a través da repetición
Contidos socioculturais	Relacións persoais : Tarxetas de visita, perfíles e formularios.

Unidade didáctica 3

Tema	Was ist das?
Temporalización 02/11-15/11/2023	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Preguntar por obxectos e coñecer o material escolar e de oficina.
Tarefa final e microtarefas	<i>Unser Sprachkurs zum Werben (Format-Möglichkeiten: Präsentation, Plakat, Video, Radiobeitrag..) Sich bei einem Sprachkurs anmelden.</i>
Contidos funcionais	Control de comunicación: Manifestar comprensión e incomprensión Solicitar axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, soletrear, repetir Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. Falar sobre obxectos Opinións e valoracións : Adxetivos de cualidade.
Contidos sociolingüísticos	Condições de vida: Presentación de obxectos interesantes dos países de fala alemá e/ou do propio país.
Contido léxico-semánticos	Educación: Material e actividades de aula
Contidos gramaticais	Substantivo. Número: singular e plural Determinantes determinados e indeterminados e negativo (kein/-e). Pronomes persoais: Nominativo. Xénero: masculino, feminino, neutro.
Contidos fonéticos	Metafonía Pronunciación dos determinantes O acento tónico

Contidos socioculturais	Condições de vida: Obxectos coñecidos dos países de fala alemá.
-------------------------	--

Unidade didáctica 4

Tema	Und heute: shoppen! / Weihnachten
Temporalización 16/11-29/11/2023	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar e opinar sobre compras. Realizar compras.
Tarefa final e microtarefas	Facer un blog e escribir sobre compras en distintas cidades. Tamén se pode utilizar Instagram para subir fotos de distintas cidades e facer un breve comentario.
Contidos funcionais	Información Xeral: Falar sobre compras e preguntar prezos. Opiniós e valoracións : Expresar gustos á hora de facer compras. Levar a cabo pequenos diálogos e dar a opinión sobre algo. Control da comunicación: Comprender información básica sobre unha cidade. Escribir un texto para un blog.
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais e relacións persoais: Fórmulas para dirixirse ao cliente e ao dependente.
Contido léxico-semánticos	Compras e actividades comerciais: Moda Ciencia e tecnoloxía: Aparellos tecnolóxicos de uso cotiá. Viaxes: Lugares e actividades de interese.
Contidos gramaticais	Verbos haben, möchten, finden . Presente. Artigos definido, indefinido e negativo en acusativo. Partículas ja, nein, doch .
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons vocálicos: Vogais curtas e longas.
Contidos socioculturais	Vida cotiá: Compras de interese entre os xóvenes. Nadal e as compras e o consumo. Tradicións de nadal

Unidade didáctica 5

Tema	Tanzen oder wandern?
Temporalización 30/11-15/12/2023	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da rutina diaria e dos Hobbys.
Tarefa final e microtarefas	Facer unha enquisa na aula sobre os hobbys e facer un gráfico. Facer con Spreaker unha entrevista sobre os gustos dos alumnos na aula.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Expresar cando pode ter ou non lugar unha cita. Concertar unha cita. Información xeral: Describir as actividades durante, por exemplo, a fin de semana. Describir unha gráfica. Opiniós e valoracións : Expresar o que gusta e non gusta facer
Contidos sociolingüísticos	Vida cotiá: Hobbys e actividades cotiás en distintos países.
Contido léxico-semánticos	Tempo libre e ocio: Hobbys. Días da semana. As estacións do ano.
Contidos gramaticais	O verbo: Verbos con cambio vocálico. Verbos separables. O pronome impersoal: man . As preposicións: im + Estacións do ano. am + Días da semana. A oración simple: Posición 1 na oración enunciativa. O Adverbio: A frecuencia.
Contidos fonéticos	Correspondencia entre grafía e fonemas: Vogais a-ä-e-i
Contidos socioculturais	Vida cotiá: Hobbys de Suiza en comparación cos do noso país.

Unidade didáctica 6

Tema	Familie & Freunde
Temporalización 18/12-12/01/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da familia. Confirmar ou rechazar convites.
Tarefa final e microtarefas	Facer unha presentación da familia coa APP SpeakingFoto. Elaborar un Ratgeber con ideas para regalar en distintos eidos da vida.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Comprender unha convidación. Información xeral: Indicar posesión. Falar da familia. Describir unha foto/ imaxe Petición de instrucións e suxestións: Convidar e reaccionar adecuadamente .
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais: Celebración do cumpleaños nos países de fala alemá.
Contido léxico-semánticos	Identificación persoal: As nacionalidades e as súas correspondentes linguas. Relacións familiares e sociais: Parentesco. Estado civil. Formas de tratamento sinxelas (du/Sie).
Contidos gramaticais	O Pronome persoal: Acusativo. O posesivo: nominativo e acusativo. O verbo: Pretérito do verbo sein . O adverbio de lugar: oben, unten, vorn, hinten, links, rechts . A partícula interrogativa: O acusativo de wer (wen)
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons vocálicos e consonánticos: -er e -e ao final dunha sílaba ou palabra.
Contidos socioculturais	Convencións sociais: Costumes e regalos na celebración dos cumpleaños nos países de fala alemá en comparación co noso país.

Unidade didáctica 7

Tema	Kaffee oder lieber Schokolade?
------	---------------------------------------

Temporalización 15/01-24/01/2024	3 sesións de 120 minutos
Obxectivo	Expresar as comidas preferidas. Saber realizar compras nun mercado ou súper. Saber pedir nunha cafetería.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dunha lista de compra para ir ao súper (montado na aula con alimentos de xoguete) a comprar. Será gravado en vídeo. Escenificación dunha situación na cafetería.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Saudar e despedirse. Dirixirse a alguén. Agradecer. Levar a cabo diálogos de compras. Pedir nunha cafetería. Información xeral: Pedir e dar información sobre prezos e cantidades. Preguntar se existe algo. Comprender un cartel anunciador nun mercado ou en tiendas. Comprender unha carta (Lista de prezos) Opiniós e valoracións: Expresar gustos acerca da comida. Expresar o que se quere e o que se ten que facer.
Contidos sociolingüísticos	Condicións de vida: Café vienés.
Contido léxico-semánticos	Alimentación: Alimentos Envases Cantidades Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais Prezos e formas básicas de pagamento.
Contidos gramaticais	O adxectivo: Gradación: gern-lieber-am liebsten. O artigo <i>zero</i> (Nullartikel) O verbo: Os verbos modais wollen e müssen. A oración simple: o paréntese oracional nos verbos modais. O Konjunktiv: Ich hätte gern...
Contidos fonéticos	Correspondencia entre grafías e fonemas: Vogais i e ü.
Contidos socioculturais	Condicións de vida: Coñecemento dos Kaffeehäuser vieneses.

Unidade didáctica 8

Tema	Termine, Termine...
Temporalización 25/01-09/02/2024	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Describir a rutina diaria e dar e pedir información horaria.
Tarefa final e microtarefas	Radiosendung: Entrevista na que os alumnos describen o seu día ideal. Organizar un Klassentreffen.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Concertar unha cita. Quedar con amigos, familia ... Información xeral: Pedir e dar información sobre horarios. Decir cando traballamos . Describir a xornada laboral ou a rutina diaria. Opiniós e valoracións: Falar sobre preferencias.
Contidos sociolingüísticos	Vida cotiá: A rutina diaria e distribución do día.
Contido léxico-semánticos	Actividades cotiás: Horarios. Partes do día. Meses. Rutina diaria. Rutina nun día laboral.
Contidos gramaticais	A partículas interrogativas: wann, wie spät, wie viel Uhr, um wie viel Uhr. O verbo: O verbo modal können . O pretérito do verbo haben . As preposicións: am + partes do día. (aber: In der Nacht) um + horas von ...bis im + meses
Contidos fonéticos	Correspondencia entre grafías e fonemas: Vogais: e e ö.

Contidos socioculturais	Vida cotiá: Hábitos da rutina diaria en comparación cos do noso país.
-------------------------	--

Unidade didáctica 9

Tema	Mit dem Auto oder zu Fuss?
Temporalización 15/02-28/02/2024	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Decir que medios de transporte se usa, cando e como.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dun Ratgeber (guía con recomendacións) dos medios de transporte necesarios para chegar a unha cidade da elección do alumnado e cales se poden usar nela.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para pedir información para preguntar por como chegar a algures.: Control de comunicación: Ler un plano do metro. Ler e escribir un texto sobre medios de transporte . Información xeral: Pedir e dar información sobre lugares. Decir que medios de transporte se usa. Decir cómo se despraza ao traballo. Decir que se fai. Decir como se ten que viaxar Petición de instrucións e suxestións: Pedir axuda e servizos.
Contidos sociolingüísticos	Condições de vida: Medios de transporte . Descrición de cómo chegar a un determinado lugar.
Contido léxico-semánticos	Bens e servizos públicos: Medios de transporte. Lugares de interese na cidade.
Contidos gramaticais	O artigo en Dativo. As partículas interrogativas: wohin, wie lange e seit wann. As preposicións de dativo: mit, aus, von, bei, zu, seit, vor, nach. Contraccións: vom, beim, zum, zur.

Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción dos sons consonánticos: s e sch
Contidos socioculturais	Condicións de vida: Uso dos distintos medios de transporte en Austria e o noso país.

Unidade didáctica 10

Tema	In der Firma.
Temporalización 29/02-13/03/2024	4 sesións de 120 minutos
Obxectivo	Falar sobre traballo, Hobbys e viaxes.
Tarefa final e microtarefas	Presentación nun audio foro as distintas experiencias laborais ou incidencias durante unha viaxe.
Contidos funcionais	Información xeral: Pedir e dar información sobre un Praktikum ou xornada laboral. Pedir e dar información sobre unha viaxe. Falar sobre traballo e hobbys.
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Actividades laborais e de lecer.
Contido léxico-semánticos	Identificación persoal: Sentimentos. Tempo libre e ocio: Hobbys. Traballo e profesións: Actividades laborais máis frecuentes. Viaxes: Viaxes por motivos laborais.
Contidos gramaticais	O verbo: O pretérito perfecto. O paréntese verbal.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons consonánticos: A consonante z
Contidos socioculturais	Vida cotiá: Os reloxo suízos.

Unidade didáctica 11

Tema	Mein Zuhause.
Temporalización 14/03-05/04/2024	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Describir a vivenda e como está amueblada.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dunha bolsa de vivendas para alugar, onde despois os alumnos terán que buscar os seus compañeiros de piso ideais según gustos. Presentar unha Wohnbiografie.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén a través de distintos medios de comunicación. Información xeral: Pedir e dar información sobre a vivenda e sobre os mobles. Indicar que hai e onde está. Opiniós e valoracións: Expresar os gustos acerca da vivenda. Mostrar acordo e satisfacción acerca dunha vivenda. Petición de instrucións e suxestións: Pedir servizos (aluger, Couch-surfing). Invitar e reaccionar adecuadamente.
Contidos sociolingüísticos	Condicións de vida: Vivenda. Relacións persoais: Familiares e compañeiros de piso.
Contido léxico-semánticos	vivenda, fogar e contorna: Dependencias dunha vivenda. Mobiliario. Contorna.
Contidos gramaticais	As preposicións: Preposicións de cambio (wechselpräpositionen) Partikel zu+ Adjektiv . Adverbios temporales: zuerst- dann-danach . Genitiv- s
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons consonánticos: b e w
Contidos socioculturais	Condicións de vida: Couch-Surfing Biografía residencial .

Unidade didáctica 12

Tema	Gesund und fit
Temporalización 08/04-19/04/2024	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar de saúde, accidentes e enfermidades. Dar consellos saudables.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dunha guía de consellos para levar unha vida saudable.
Contidos funcionais	Información xeral: pedir e dar información sobre consellos saudables. Indicar onde e como ocorreu un accidente. Opiniós e valoracións: Valorar e opinar sobre consellos para levar unha vida saudable. Estados de saúde, sensacións físicas e sentimentos: Expresar o estado de ánimo. Petición de instrucións e suxestións: Pedir axuda en caso de sentirse mal ou de accidente.
Contidos sociolingüísticos	Vida cotiá: Formas para dar consellos, expresar sentimentos, estados de ánimo e para describir un accidente.
Contido léxico-semánticos	Saúde e cuidados físicos: Estado físico. Partes do corpo. Enfermidades.
Contidos gramaticais	O verbo: O presente dos verbos de cambio vocálico: fallen, schlafen, vergessen, essen ... O imperativo.
Contidos fonéticos	Producción e Recoñecemento da ch .
Contidos socioculturais	Vida cotiá: O papel dos ximnacios na saúde das persoas.

Unidade didáctica 13

Tema	Andere feiern, ich arbeite.
Temporalización 22/04-03/05/2024	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar sobre festas e traballo.

	Comprender e responder invitacións.
Tarefa final e microtarefas	Programa de radio: promoción das festas da contorna.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Comprender, escribir ou rexeitar unha invitación. Información xeral: Pedir e dar información sobre festas e datas de celebración.
Contidos sociolingüísticos	Traballo e profesións: Falar sobre traballo e actividades profesionais. Relacións sociais: Formas para entender, escribir, aceptar ou rexeitar unha invitación.
Contido léxico-semánticos	Tempo libre e ocio: Festas Actividades típicas de cada festa. O
Contidos gramaticais	O pronome persoal: O pronome persoal en dativo. Os cuantificadores: Numerais ordinais: as datas. O verbo: Verbos con cambio vocálico. Verbos con dativo e acusativo.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción do son consonántico: ng
Contidos socioculturais	Festas típicas de Alemaña, Austria e Suiza.

Unidade didáctica 14

Tema	T-Shirt oder Pullover
Temporalización 06/05-16/05/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Descibir o tempo. Falar sobre roupa. Decir o que se leva posto según o momento. Expresar a opinión sobre roupa.
Tarefa final e microtarefas	Desfile de Moda na aula.
Contidos funcionais	Información xeral: Pedir e dar información sobre o tempo. Pedir e dar información do que se leva posto.

	Opiniós e valoracións: Expresar gustos e pedir opinión sobre a roupa.
Contidos sociolingüísticos	Condicións de vida: Formas para aloubar a alguén.
Contido léxico-semánticos	Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Fenómenos atmosféricos. Compras: Vocabulario correspondente á roupa. Cores.
Contidos gramaticais	O nome: nomes compostos. O pronome es . O verbo: Verbos con dativo.
Contidos fonéticos	Recoñecemento do son vocálico e consonántico h
Contidos socioculturais	Vestimenta típica da Oktoberfest.

Unidade didáctica 15

Tema	Geradeaus bis zur Ampel
Temporalización 20/05-31/05/2024	5 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	comprender como chegar a un sitio. Preguntar como chegar a algures e responder. Comprender informacións dadas por megafonía ou outras vías nunha estación de tren. Comprar un billete. Falar sobre cousas prohibidas en determinados lugares. Falar sobre situacións de tráfico.
Tarefa final e microtarefas	Escribir un post onde se describa o camiño ata a E.O.I. dende o lugar que os alumnos elixan indicando posibles puntos negros e recomendacións a ter en conta.
Contidos funcionais	Información xeral: Pedir e dar información sobre cómo chegar a un sitio. Peticións de instrucións e suxestións: Pedir axuda para chegar a un determinado lugar. Pedir información nunha estación de tren. Comprar un billete. Facer recomendacións viais.

Contidos sociolingüísticos	Condições de vida: Desplazamento a pé e en medios de transporte.
Contido léxico-semánticos	Víaxes: A cidade e o transporte. Compra de billetes nunha estación de tren.
Contidos gramaticais	O verbo: Os verbos modais: sollen e dürfen As preposicións: bis zu, an + dativo.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons consoánticos: r e l .
Contidos socioculturais	Hábitos e recomendacións viais

A secuenciación de contidos na **aula virtual** en calquera dos casos que se indican no apartado de metodoloxía coincide coa presencial, aínda que só se contabilizarán a efectos de seguimento os contido mínimos estipulados no currículo de A1.

2.3.2 A2

Unidade didáctica 0

Tema	Fit in den Unterricht!
Temporalización 18/09-27/09/2023	4 sesións de 120 minutos
Obxectivos	Usos sociais da lingua: Presentarse de novo na volta as clases Información xerais: Solicitar y responder informacións e assimilar como chegar a un sitio. Comprender informacións dadas por megafonía nunha estación de tren. Comprar un billete. Falar sobre cousas prohibidas por sinais situadas en determinados lugares.
Tarefa final e microtarefas	Describir coa axuda de un mapa o camiño ata a nosa escola dende o lugar que os alumnos elixan
Contidos funcionais	Información xeral: Pedir e dar información sobre cómo chegar a un lugar. Peticións de instrucións e suxestións: Dirixirse a alguén para pedir algo de forma cortés.

	<p>Información xeral: Opinións e valoracións: Expresar desexos. Pedir axuda para chegar a un determinado lugar. Pedir información nunha estación de tren. Pedir e dar información sobre diferentes destinos Comprar un billete. Facer recomendacións viais.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>Condições de vida: Desplazamento a pé e en medios de transporte.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Viaxes: A cidade e o transporte. Compra de billetes nunha estación de tren. Falar de destinos turísticos. Comprender ofertas hoteleiras. Saber buscar un aloxamento e reservar unha habitación.</p>
Contidos gramaticais	<p>Repaso dos contidos do nivel A1. Os Verbos modais: sollen, dürfen, wollen, können As preposicións seguidas de Dativo: bis, bis zu, an, in, gegenüber von + Dativ Kojunktiv II : würde gern + Infinitivo.</p>
Contidos fonéticos	<p>Repaso dos contidos do nivel A.1 Recoñecemento de sons consonánticos: As consonantes r e l</p>
Contidos socioculturais	<p>Repaso dos contidos do nivel A.1 Saber preguntar e dar información sobre uns mesmos e ademáis sobre cómo chegar a un lugar concreto.. Pedir información nunha estación de tren. Saber preguntar nun mostrador por información acerca de horarios e mercar un billete de tren.</p>

Unidade didáctica 1

Tema	Klassensprecherwahl
Temporalización 28/09-28/09/2023	1 sesión de 120 minutos.
Obxectivo	Elección de delegados e falar de propostas, melloras na EOI

Tarefa final e microtarefas	Preparar e presentar o noso partido, slogan, candidatos e programa electoral para a elección de delegados..
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Propor ideas e presentar o programa do partido. Información xeral Describir ideas e propostas de mellora para a EOI Opiniós e valoracións: Valorar os distintos programas e ideas dos partidos presentados e aos seus candidatos Petición de instrucións e suxestións: Suxerir algunha actividade para facer na Escola e no departamento de alemán
Contidos sociolingüísticos	Política
Contido léxico-semánticos	Política, eleccións e programas electorales
Contidos gramaticais	A conxuncións: und, oder, aber, denn, deshalb. O verbo: O perfecto. Participio dos verbos. Revisión irregulares. O impertivo. Os verbos modais: mögen, können, wollen, müssen, sollen.
Contidos fonéticos	O acentuación das palabras.
Contidos socioculturais	As eleccións en Alemania.

Unidade didáctica 2

Tema	Endlich Urlaub! Auf Reisen
Temporalización 02/10-11/10/2023	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar de viaxes e incidencias que poidan xurdir.
Tarefa final e microtarefas	Organizar unha viaxe a un destino e presentar a viaxe en formato dixital.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Desenvolverse nunha comisaría para poñer unha denuncia por perda. Control de comunicación: Comprender a información sobre unha cidade. Información xeral

	<p>Describir un destino/ camiño. Describir unha cidade e a oferta cultural que oferta. Describir os distintos medios de transporte para chegar a ela, así como os seus horarios. Opinións e valoracións: Valorar as ofertas culturais que ofrece unha cidade. Petición de instrucións e suxestións: Pedir axudar para formalizar unha denuncia por perda. Suxerir algunha actividade para facer no destino a visitar.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>Vida cotiá: Viaxes e incidencias.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Viaxes: Actividades e lugares de interés nunha cidade.</p>
Contidos gramaticais	<p>As preposicións: Durch, an...vorbei, gegenüber von, gegen (Ort), in (valor temporal) A conxuncións: und, oder, aber, deshalb. O verbo: O perfecto. Participio dos verbos non separables. O Konjunktiv II con würde (desexos e peticións + gern / möchte)</p>
Contidos fonéticos	<p>O acentuación das palabras.</p>
Contidos socioculturais	<p>Austria e os seus lugares de interés.</p>

Unidade didáctica 3

Tema	Ziele und Wünsche
Temporalización 16/10-23/10/2023	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar das razóns para emigrar.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dunha biografía lingüística - Timeglider
Contidos funcionais	<p>Usos sociais da lingua: Iniciar e concluir unha conversa telefónica para solicitar información sobre un curso. Pedir algo con cortesía. Control da comunicación: Pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora. Información xeral:</p>

	<p>Referirse a experiencias vividas no extranjero. Falar da propia biografía na aprendizaxe de linguas. Opinións e valoracións: Xustificar por que a xente vive noutros países. Valorar distintos métodos de aprendizaxe dunha lingua. Petición de instrucións e suxestións: Pedir e dar información sobre un curso.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>vida cotiá: Experiencias vividas no extranxeiro e cursos de idiomas.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Bens e servizos: Vocabulario e formas lingüísticas nunha conversa telefónica. Educación: Vocabulario relacionado coa aprendizaxe de idiomas. Viaxes: Medios de transporte, aloxamento e destinos de viaxe.</p>
Contidos gramaticais	<p>O verbo: O Konjuntiv II do verbo modal können. A oración composta: A oración subordinada causal con weil.</p>
Contidos fonéticos	<p>O acento: A acentuación nas palabras compostas. Regras básicas de acentuación.</p>
Contidos socioculturais	<p>Institucións que ofertan cursos de idiomas nos países de fala alemá.</p>

Unidade didáctica 4

Tema	Hoch, höher, am höchsten.
Temporalización 25/10-02/11/2023	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	<p>Describir e valorar Hobbys. Falar de actividades culturais.</p>
Tarefa final e microtarefas	Vídeo de promoción en que cada alumno describe o os seu Hobby e tanta captar adeptos.
Contidos funcionais	<p>Información xeral: Describir en que consiste un determinado hobby. Referirse a actividades culturais. Opinións e valoracións: Opinar sobre hobbys y valorarlos. Petición de suxestións:</p>

	Suxerir (unha) actividad(es) para facer entre amigos ou familia.
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Descripción de actividades de lecer.
Contido léxico-semánticos	Tempo libre e ocio: Actividades de lecer.
Contidos gramaticais	O adxectivo: O comparativo e o superlativo. A oración subordinada con dass .
Contidos fonéticos	correspondencia entre a grafía e o fonema y
Contidos socioculturais	Hobbys que son tendencia en Alemaña e os tradicionais como os Schrebergarten.

Unidade didáctica 5

Tema	Ein toller Fernsehabend
Temporalización 06/11-13/11/2023	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar sobre a programación da tele.
Tarefa final e microtarefas	Fernsehprogramm + Fernsehabend organisieren. Grupos de expertos: was läuft wann? Was magst du lieber? Was essen / trinken wir? Wo?... <ul style="list-style-type: none"> • Fernsehprogramm+ miniaudios = speakingfoto
Contidos funcionais	Información xeral: Describir un programa de televisión ou toda a súa programación. Describir unha persoa coñecida. Opinións e valoracións: Opinar e valorar programas de televisión. Peticións e suxestións: Suxerir un programa da tele para pasar unha tarde noite con amigos.
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Descripción da programación da tele.
Contido léxico-semánticos	Información e medios de comunicación: A televisión e a súa programación.

Contidos gramaticais	<p>O Adxectivo: A formación do adxectivo co prefixo -un. A declinación do adxectivo según o artigo indeterminado ein, eine e kein, keine. A partícula interrogativa was für ein. O verbo: O Konjunktiv würden+infinitivo.</p>
Contidos fonéticos	Ortografía e pronuncia dos anglicismos no idioma alemán.
Contidos socioculturais	O comportamento dos alemáns ante a televisión.

Unidade didáctica 6

Tema	Alltag und Wahnsinn?
Temporalización 15/11-22/11/2023	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da influencia das novas tecnoloxías na rutina das persoas.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dun folleto de propaganda en Picollage para desconectar da rutina diaria
Contidos funcionais	<p>Usos sociais da lingua: Reaccionar ante unha información con expresións que manifestan o sentimento adecuado á unha situación de estrés despois dunha xornada. Información xeral: Describir as Apps máis usadas no día a día. Describir a rutina diaria. Opinións e valoracións: Opinar e valorar o que nos gusta ou non da rutina diaria. Valorar positivamente algo.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>vida cotiá: A rutina diaria.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Actividades cotiás. Ciencia e tecnoloxía: As novas Tecnoloxías. Identificación persoal: Estados de ánimo. Tempo libre e ocio: Wellness.</p>

Contidos gramaticais	As partículas interrogativas: Wann, bis wann, ab wann, wie lange? O verbo: Os verbos reflexivos. A preposicións: As preposicións con valor temporal ab, bis e zwischen.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons vocálicos e consonánticos: Repaso de ch despois de a,o,u e au.
Contidos socioculturais	Destinos turísticos nos países de fala alemá para desconectar da rutina diaria.

Unidade didáctica 7

Tema	Die schwarzen oder die bunten Stühle?
Temporalización 27/11-11/12/2023	4 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar de móbeis.
Tarefa final e microtarefas	Minitutorial sobre como facer upcycling dunha peza.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Iniciar e concluir unha conversación telefónica para comprar ou reclamar algo. Dirixirse a alguén para facer compras por teléfono e on-line. Dirixirse a alguén para facer unha reclamación por teléfono. Opinións e valoracións: Expresar unha opinión sobre móbeis. Petición de instrucións e suxestións: Cubrir un formulario de reclamación.
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Compra de mobiliario. Convencións sociais: Fórmulas para dirixirse a alguén á hora de facer unha compra por teléfono e para poñer unha reclamación.
Contido léxico-semánticos	Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais físicos e en Internet. Compras online e por teléfono. Reclamacións por teléfono e por escrito. Vivenda, fogar e contorna:

	Mobiliario básico e upcycling.
Contidos gramaticais	O adxectivo: A declinación do adxectivo según o artigo determinado der, die e das . A preposición aus (para indicar o material do que está firmado unha cousa).
Contidos fonéticos	O acento das terminacións dos adxectivos declinados.
Contidos socioculturais	A reciclaxe de móbeis.

Unidade didáctica 8

Tema	Weihnachten und Advent
Temporalización 13/12-20/12/2023	2 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar das tradicións do Nadal
Tarefa final e microtarefas	Vídeo explicativo sobre as tradicións do nadal (agasallos, receitas, cancións...)
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Describir situacións, eventos e tradicións Pedir información sobre situacións, eventos e tradicións Producir textos instrucionais sobre a elaboración de produtos típicos do nadal, alimentarios e non alimentarios
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: agasallos comidas horarios Convencións sociais: agasallar, participar en rituais de nadal
Contido léxico-semánticos	Compras e actividades comerciais: Establecementos comercias físicos e en Internet. Compras de nadal Vivenda, fogar e contorna: reunións familiares
Contidos gramaticais	revisión dos contidos gramaticais do trimestre
Contidos fonéticos	revisión dos contidos fonéticos do trimestre

Contidos socioculturais	as tradicións de nadal
-------------------------	------------------------

Unidade didáctica 9

Tema	Alles zusammen und zwar die größte Portion
Temporalización 08/01-10/01/2024	2 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Repasar en Stationen os contidos do 1º trimestre
Tarefa final e microtarefas	Miniportfolio do repaso en Stationen
Contidos funcionais	Todos os contidos tratados no primeiro trimestre e outros de cursos anteriores
Contidos sociolingüísticos	Todos os contidos tratados no primeiro trimestre e outros de cursos anteriores
Contido léxico-semánticos	Todos os contidos tratados no primeiro trimestre e outros de cursos anteriores
Contidos gramaticais	Todos os contidos tratados no primeiro trimestre e outros de cursos anteriores
Contidos fonéticos	Todos os contidos tratados no primeiro trimestre e outros de cursos anteriores
Contidos socioculturais	Temas de actualidade no momento de realización da unidade en Stationen

Unidade didáctica 10

Tema	Wohin kommt das Sofa?
Temporalización 25/01-31/01/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da vivenda e da súa contorna.
Tarefa final e microtarefas	Os alumnos crearán de xeito colaborativo unha bolsa de vivendas para alugar. Padlet.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para concertar unha cita para visitar un piso en alugar.

	<p>Información xeral: Describir a situación de lugares. Falar da situación dunha vivenda. Describir unha vivenda. Control de comunicación: Comprender anuncios sobre vivendas. Comprender e escribir pequenos anuncios. Petición de instrucións e suxestións: Suxerir onde se colocan os móbeis.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>Condições de vida: Vivenda. Convencións sociais: Fórmulas para concertar unha cita para visitar un piso en aluger.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>vivenda, fogar e contorna: Partes da casa, mobiliario. situación da vivenda. Mudanza. Busca de vivenda. Planos dunha cidade.</p>
Contidos gramaticais	<p>A preposición: As preposicións locais de acusativo ou dativo (Wechselpräpositionen): in, an, auf, vor, hinter, über, unter, neben e zwischen. As contraccións: im, am, ins e ans.</p>
Contidos fonéticos	<p>Recoñecemento e produción do son consonántico qu [qv]</p>
Contidos socioculturais	<p>Formas de vida nos países de fala Alemana.</p>

Unidade didáctica 11

Tema	Lebenslinien
Temporalización 01/01-07/02/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da escola e das distintas etapas de formación.
Tarefa final e microtarefas	<p>Speed-dating:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fragen erstellen für Interview bzgl. Ausbildung • Statistik erstellen durch Speed-Dating • Statistik vorstellen

Contidos funcionais	<p>Información xeral: Describir a etapa escolar e a infancia. Describir a biografía dunha persoa coñecida. Describir a formación académica. Estados de saúde, sensacións e sentimentos: Expresar sorpresa.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>vida cotiá: A escola antes e agora.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Educación: Centros de ensino. Itinerarios educativos antes e agora. Traballo e profesións: Traballos e profesións se relacionados coa educación.</p>
Contidos gramaticais	<p>O nome: A formación do nome mediante os sufixos -heit, -keit e -ung. O verbo: Os verbos modais en pretérito. A oración simple: A colocación dos verbos modais acompañados dun infinitivo dentro da oración simple.</p>
Contidos fonéticos	<p>Correspondencia entre grafías e sons: Repaso das Vogais i - ü e e - ö.</p>
Contidos socioculturais	<p>Tradicións na escola dos países de lingua alemá.</p>

Unidade didáctica 12

Tema	Die lieben Kollegen
Temporalización 15/02-22/02/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da rutina e dos contratempos no traballo.
Tarefa final e microtarefas	Elaborar unha enquisa sobre a satisfacción no traballo con un máximo de 6 preguntas (dúas delas serán sexo e idade) con googleForms. Executar e interpretar resultados. Estes dous últimos pasos superarán o marco temporal desta unidade didáctica.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua:

	<p>Dirixirse a alguén mediante mails comerciais para concertar, propor, aceptar, confirmar, rechazar ou aprazar unha cita. Agradecer unha cita. Información xeral: Describir o día a día no traballo. Aspectos positivos e negativos. Opinións e valoracións: Opinar sobre o que se considera importante no traballo.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>vida cotiá: Horarios e costumes relacionados co traballo. Condicións de vida: Condicións laborais. Relacións persoais: Relacións profesionais. Convencións sociais: Fórmulas de cortesía para dirixirse a alguén en mails comerciais.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Traballo e profesións: Actividades profesionais: Linguaxe informática nos mails comerciais.</p>
Contidos gramaticais	<p>A oración composta: A oración subordinada temporal con wenn. Posición dos elementos na frase.</p>
Contidos fonéticos	<p>Recoñecemento e produción de sons vocálicos: A diferenza entre Vogais longas e curtas.</p>
Contidos socioculturais	<p>A satisfacción dos alemáns no traballo e que consideran importante no seu lugar de traballo.</p>

Unidade didáctica 13

Tema	Mein Smartphone & ich
Temporalización 26/02-04/03/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar das novas tecnoloxías.
Tarefa final e microtarefas	Programa de radio con Spreker onde se debata sobre o uso das Apps e as súas vantaxes e desvantaxes.
Contidos funcionais	<p>Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para pedir información sobre os aparellos tecnolóxicos ou Apps. Información xeral:</p>

	<p>Describir un Smartphone, Tablett, un Smartwatch ou unha App.</p> <p>Opiniós e valoracións: Debatir sobrevantaxes e desvantaxes dun Smartphone. Expresar a opinión ao respecto mostrando acordo, contradecendo ou mostrando incerteza.</p> <p>Petición de instrucións e suxestións: Pedir asesoramento sobre un aparello tecnolóxico. Recomendar un móvil.</p>
Contidos sociolingüísticos	<p>Condicións de vida: As novas tecnoloxías na nosa vida.</p>
Contido léxico-semánticos	<p>Ciencia e tecnoloxía: Aparellos de uso cotiá: O móvil, o Smartphone... e Apps.</p>
Contidos gramaticais	<p>O nome: A nominalización do verbo mediante a preposición zu (zum Navigieren)</p> <p>A oración interrogativa: A oración interrogativa indirecta mediante os distintos pronomes interrogativos e nexos subordinante ob.</p>
Contidos fonéticos	<p>A pronunciación das palabras de orixe estranxeiro no ámbito da tecnoloxía.</p>
Contidos socioculturais	<p>A influencia das novas tecnoloxías nos hábitos de lectura.</p>

Unidade didáctica 14

Tema	Freunde tun gut
Temporalización 06/03-13/03/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar da amizade.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dunha canción en Songify a partir de descripción do mellor amigo da infancia
Contidos funcionais	<p>Información xeral: Describir o concepto da amizade. Describir unha persoa. Referirse a accións e situacións pasadas: Describir unha historia de amizade do pasado.</p> <p>Opiniós e valoracións: Expresar a opinión sobre a amizade expresando acordo ou desacordo.</p>

Contidos sociolingüísticos	Relacións persoais: Relacións de amizade.
Contido léxico-semánticos	Relacións sociais: Relacións de amizade. Adxectivos para describir persoas. Vocabulario para nomear animais.
Contidos gramaticais	O verbo: O pretérito dos verbos kommen, geben e mögen . A oración complexa: A oración subordinada temporal co nexo subordinante als . A posición dos elementos na frase.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción dos sons vocálicos nos diptongos ei, eu, / äu e au .
Contidos socioculturais	Asociacións(Vereine) nos países de fala alemá.

Unidade didáctica 15

Tema	Eins-eins-zwei
Temporalización 14/03-20/03/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar dun accidente doméstico.
Tarefa final e microtarefas	Synchrönsprechen: Haushaltsunfall (App suchen)
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Iniciar e concluir unha chamada de emerxencia. Manter un diálogo cun médico. Información xeral: Describir un accidente doméstico. Opiniós e valoracións: Dar consellos acerca de como comportarse en caso de accidente doméstico.
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais: Fórmulas para realizar unha chamada de emerxencia e para manter un diálogo cun médico.
Contido léxico-semánticos	Bens e servizos públicos: Centros de saúde e chamadas de emerxencia. Ingreso en urxencias nun hospital.

	<p>Presentación do proxecto <i>paiaos no hospital</i>. Saúde e coidados físicos: Estado físico. A risa como terapia de cura. Traballo e profesións: Profesións do sector sanitario.</p>
Contidos gramaticais	<p>O adxectivo: A formación dos adxectivos mediante os sufixos -los e -bar. O verbo: O Konjunktiv do verbo modal sollen para dar consellos.</p>
Contidos fonéticos	<p>Recoñecemento e produción do son consonántico s.</p>
Contidos socioculturais	<p>Convencións sociais: A risa como terapia.</p>

Unidade didáctica 16

Tema	Hat es geschmeckt?
Temporalización 02/04-10/03/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar dos hábitos e costumes á hora de comer.
Tarefa final e microtarefas	Xeolocalizar e describir os restaurantes internacionais da contorna de xeito colaborativo
Contidos funcionais	<p>Usos da lingua: Convidar a alguén. Agradecer un convite. Agradecer unha suxestión. Dirixirse a un camarero/ unha camareira nun restaurante Información xeral: Describir un restaurante. Describir un menú. Opinións e valoracións: Opinar e valorar a comida e un restaurante. Expresar as preferencias. Petición de instrucións e suxestións: Pedir que nos recomenden un restaurante. Preguntar por unha recomendación nun restaurante. Pedir a conta.</p>

Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Hábitos de comida. Convencións sociais: Fórmulas para desenvolverse nun restaurante.
Contido léxico-semánticos	Actividades cotiás: Hábitos e horarios das comidas principiáis. Alimentación: Vocabulario relacionado coa restauración e a gastronomía.
Contidos gramaticais	O adxectivo: Os adxectivos etwas/nichts + Nomen . A partícula interrogativa Welch- e a súa declinación. O demostrativo. Formas e usos.
Contidos fonéticos	O acento nas terminacións da declinación de welch- e -dies .
Contidos socioculturais	vida cotiá: Comida típica de Austria.

Unidade didáctica 17

Tema	Einkaufswelt
Temporalización 15/04-22/04/2024	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar sobre compras.
Tarefa final e microtarefas	Radiodebatte: Kaufen Männer mehr als Frauen oder umgekehrt? Was kaufen sie jeweils?
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para pedir información sobre tendas. Información xeral: Describir un centro comercial. Describir onde se atopa unha determinada tenda. Opinións e valoracións: Opinar sobre unha tenda e xustificar dita opinión. Petición de instrucións e suxestións: Pedir e ofrecer axuda para orientarse nun centro comercial. Pedir recomendación sobre tendas. Falar sobre prexuízos.
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Compras

Contido léxico-semánticos	compras e actividades comerciais: Tipos de tendas. Partes e servizos dun centro comercial. Rúas comerciais. Roupa e outros artigos de consumo. Hábitos de homes e mulleres á hora de comprar.
Contidos gramaticais	A oración composta: A oración de relativo en nominativo e en acusativo. A colocación dos elementos na frase.
Contidos fonéticos	Ortografía e acento das palabras francesas no idioma alemán.
Contidos socioculturais	Condicións de vida: As rúas comerciais máis famosas de Alemaña.

Unidade didáctica 18

Tema	Partylaune
Temporalización	3 sesións de 120 minutos.
Obxectivo 24/04-02/05/2024	Falar de festas.
Tarefa final e microtarefas	Planificar a festa de fin de curso.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para convidar, agradecer unha convidación, para confirmar ou rechazar a asistencia a unha celebración. Información xeral: Describir unha festa ou celebración. Describir a planificación dunha celebración (dunha voda). Petición de instrucións e suxestións: Pedir e ofrecer axuda para planificar unha celebración ou festa. Suxerir unha determinada celebración.
Contidos sociolingüísticos	vida cotiá: Celebracións. Relacións persoais: Relacións sociais, familiares e profesionais. Convencións sociais: Fórmulas para dar os parabéns, convidar, agradecer unha convidación, confirmar a asistencia ou non á unha festa ou celebración.

Contido léxico-semánticos	Tempo libre e ocio: Festas e celebracións.
Contidos gramaticais	O nome: Formación de substantivos mediante os sufixos -chen e -lein . A oración composta: A oración de relativo en dativo. A oración de relativo con preposicións.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción dos sons consonánticos r e l . Repaso.
Contidos socioculturais	Festas e celebracións nos países de fala alemá.

Unidade didáctica 19

Tema	Kulturwelten
Temporalización 06/05-14/05/2024	2 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Falar de eventos culturais.
Tarefa final e microtarefas	Facer unha guía dos eventos culturais da contorna.
Contidos funcionais	Control da comunicación: Comprender o programa dun evento cultural . Comprender e escribir un poema. Información xeral: Falar sobre un evento cultural. Describir os gustos musicais.
Contidos sociolingüísticos	Vida cotiá: Eventos culturais: Espectáculos e festas de música.
Contido léxico-semánticos	Tempo libre e ocio: Arte e cultura.
Contidos gramaticais	A partícula interrogativa wo(r)- O verbo: Os verbos con preposicións.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción dos sons consonánticos i-ü e e-ö .
Contidos socioculturais	Eventos culturais destacados nos países de fala alemá.

Unidade didáctica 20

Tema	Alles hat ein Ende nur die Wurst hat zwei
Temporalización 16/05-23/05/2024	2 sesións de 120 minutos.
Obxectivo	Repasar en Stationen os contidos do curso
Tarefa final e microtarefas	Miniportfolio do repaso en Stationen
Contidos funcionais	Todos os contidos tratados no curso e outros de cursos anteriores
Contidos sociolingüísticos	Todos os contidos tratados no curso e outros de cursos anteriores
Contido léxico-semánticos	Todos os contidos tratados no curso e outros de cursos anteriores
Contidos gramaticais	Todos os contidos tratados no curso e outros de cursos anteriores
Contidos fonéticos	Todos os contidos tratados no curso e outros de cursos anteriores
Contidos socioculturais	Todos os contidos tratados no curso e outros de cursos anteriores

A secuenciación de contidos na **aula virtual** en calquera dos supostos que se indican no apartado de **metodoloxía** coincide coa presencial, aínda que só se contabilizarán a efectos de seguimento/avaliación os contido mínimos estipulados no currículo de A2.

2.4 Criterios cualitativos de avaliación

Consultar punto 8 da programación AVALIACIÓN.

3. O NIVEL INTERMEDIO B1 e B2

O Nivel Intermedio das ensinanzas especiais de idiomas ten como referencia o nivel de competencia B1 e B2 do MCERL.

Definición dos niveis

O alumnado que supere o **nivel intermedio B1** poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

O alumnado que supere o **nivel intermedio B2** poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

B1

- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.
- Producir e coproducir descricións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

- Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.
- Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

B2

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.
- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.
- Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

3.1. Obxectivos específicos do nivel Intermedio

3.1.1. Actividades de comprensión de textos orais

No nivel B1

- **Comprender** as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.
- **Comprender** anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.
- **Comprender** informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .
- **Comprender** informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.
- **Comprender** as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.
- **Comprender** a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

No nivel B2

- **Comprender** conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
- **Comprender** exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
- **Comprender** información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- **Comprender** películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- **Comprender** programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
- **Comprender** as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

3.1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

No nivel B1

- **Intervir** en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.
- **Dar** información sobre a identificación e a caracterización persoal.
- **Dar** información xeral sobre un asunto de saúde.
- **Resolver** nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).
- **Participar** en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.
- **Pedir** un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.
- **Solicitar** información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.
- **Facer** breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

No nivel B2

- **Interactuar** espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- **Resolver** problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- **Explicar** os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- **Dar opinión e argumentar**, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- **Pedir** información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- **Expresar** puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- **Facer preguntas** nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- **Realizar** unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

3.1.3. Actividades de comprensión textos escritos

No nivel B1

- **Comprender** información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.
- **Comprender** mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.
- **Comprender** instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.
- **Comprender** descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.
- **Comprender** noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.
- **Comprender** correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional

No nivel B2

- **Comprender** con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- **Comprender** diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- **Comprender** formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- **Comprender** artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- **Comprender** instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- **Comprender** textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- **Seguir** a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

3.1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

No nivel B1

- **Escribir** notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.
- **Cubrir** impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

- **Tomar notas** a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.
- **Redactar** resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.
- **Redactar** documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.
- **Redactar** textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

No nivel B2

- **Escribir** textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- **Redactar** informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- **Resumir** ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- **Tomar** notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- **Describir** de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- **Facer** comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- **Producir** textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

3.1.5. Actividades de mediación

No nivel B1

- **Interpretar** durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimoniais, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- **Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.
- **Tomar notas** escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

- **Resumir** por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

No nivel B2

- **Sintetizar e transmitir** oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- **Sintetizar e transmitir** por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou rler as seccións difíciles

3.2. Competencias e contidos

3.2.1. Socioculturais e sociolingüísticos

<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p>	
B1	B2
<p>Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p>	<p>Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.</p>

3.2.2. Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

B1

B2

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
Contidos funcionais	Coñecerse pedir e solicitar información persoal. pedir, comandar e dar información sobre bebidas. Pagar a conta.
Contidos sociolingüísticos	Pedir, comandar e pagar unha consumición

Contido léxico-semánticos	Unha carta de bebidas Pedir e comandar no café/bar Números 0-1000
Contidos gramaticais	O presente dos verbos regulares Pronomes persoais Posesivos: mein, dein, sein W-Fragen, ja/nein-Fragen, formular preguntas con interrogativo ou directas
Contidos fonéticos	Acento nos números e verbos intonación nas preguntas
Contidos socioculturais	Pagamentos no café/bar en Alemania

Unidade didáctica 3

Tema	Zahlen Sie bar?
Temporalización (26/02-04/03/2024)	3 sesións 120 minutos
Obxectivo	Falar e opinar sobre compras. Realizar compras.
Tarefa final e microtarefas	Facer un blog e escribir sobre compras en distintas cidades. Tamén se pode utilizar Instagram para subir fotos de distintas cidades e facer un breve comentario. Simular unha situación de compra de souvenirs
Contidos funcionais	Información Xeral: Falar sobre compras e preguntar prezos. Opiniós e valoracións : Expresar gustos á hora de facer compras. Levar a cabo pequenos diálogos e dar a opinión sobre algo. Control da comunicación: Comprender información básica sobre unha cidade. Escribir un texto para un blog.
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais e relacións persoais: Fórmulas para dirixirse ao cliente e ao dependente.
Contido léxico-semánticos	Compras e actividades comerciais: Moda Ciencia e tecnoloxía: Aparellos tecnolóxicos de uso cotiá.

	Viaxes: Lugares e actividades de interese.
Contidos gramaticais	Verbos haben, möchten, finden. Presente. Artigos definido, indefinido e negativo en acusativo. Partículas ja, nein, doch.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción de sons vocálicos: Vogais curtas e longas.
Contidos socioculturais	Vida cotiá: Compras de interese entre os xóvenes. Nadal e as compras e o consumo. Tradicións de nadal

Unidade didáctica 4

Tema	Small Talk
Temporalización 05/03-15/03/2024	3 sesións 120 minutos
Obxectivo	Falar da rutina diaria e dos Hobbys. Falar da familia. Confirmar ou rexeitar convites..
Tarefa final e microtarefas	Facer con Spreaker unha entrevista sobre os gustos dos alumnos na aula. Facer unha presentación da familia coa APP SpeakingFoto.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Expresar cando pode ter ou non lugar unha cita. Concertar unha cita. Información xeral: Describir as actividades durante, por exemplo, a fin de semana. Describir unha gráfica. Opiniós e valoracións : Expresar o que gusta e non gusta facer Información xeral: Indicar posesión. Falar da familia. Describir unha foto/ imaxe Petición de instrucións e suxestións: Convidar e reaccionar adecuadamente
Contidos sociolingüísticos	Vida cotiá: Hobbys e actividades cotiás en distintos países. Convencións sociais: Celebracións nos países de fala alemá

Contido léxico-semánticos	Tempo libre e ocio: Hobbys. Días da semana. As estacións do ano. Identificación persoal: As nacionalidades e as súas correspondentes linguas. Relacións familiares e sociais: Parentesco. Estado civil. Formas de tratamento sinxelas (du/Sie).
Contidos gramaticais	O verbo: Verbos con cambio vocálico. Verbos separables. O pronome impersoal: man. As preposicións: im + Estacións do ano. am + Días da semana. A oración simple: Posición 1 na oración enunciativa. O Adverbio: A frecuencia.
Contidos fonéticos	Consoante -w- Acento países e linguas
Contidos socioculturais	Hobbys noutros países Costumes e regalos.

Unidade didáctica 5

Tema	Gibt es einen Pool?
Temporalización 19/03-05/04/2024	3 sesións 120 minutos
Obxectivo	Describir aloxamentos
Tarefa final e microtarefas	Planificar e reservar un aloxamento, describindo as súas características.
Contidos funcionais	Comprender anuncios describir aloxamentos vacacionais describir o servizo
Contidos sociolingüísticos	Precios e opcións de aloxamento
Contido léxico-semánticos	Vivenda, decoración e mobiliario.

Contidos gramaticais	O Pronome persoal: Acusativo. O posesivo: nominativo e acusativo. O verbo: Pretérito do verbo sein. O adverbio de lugar: oben, unten, vorn, hinten, links, rechts. A partícula interrogativa: O acusativo de wer (wen)
Contidos fonéticos	Consoantes z,c,s,ß
Contidos socioculturais	Características dos aloxamentos e diferencias con España

Unidade didáctica 6

Tema	Warten Sie schon lange
Temporalización 08/04-16/04/2024	3 sesións 120 minutos
Obxectivo	Comprender, dar e solicitar información no hotel, restaurante referente a horarios e citas/reservar
Tarefa final e microtarefas	Facer unha reserva nun restaurante.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Concertar unha cita. Información xeral: Pedir e dar información sobre horarios. Opiniós e valoracións: Falar sobre preferencias.
Contidos sociolingüísticos	Vida cotiá: A distribución do día.
Contido léxico-semánticos	Actividades cotiás: Horarios. Partes do día. Meses. Rutina diaria. Rutina nun día de vacacións ou laboral.
Contidos gramaticais	A partículas interrogativas: wann, wie spät, wie viel Uhr, um wie viel Uhr. O verbo: O verbo modal können. O pretérito do verbo haben. As preposicións: am + partes do día. (aber: In der Nacht)

	um + horas von ...bis im + meses
Contidos fonéticos	Correspondencia entre grafías e fonemas: Vogais: e e ö.
Contidos socioculturais	Describir a rutina diaria e dar e pedir información horaria.

Unidade didáctica 7

Tema	Angenehmen Aufenthalt
Temporalización 17/04-07/05/2024	3 sesións 120 minutos
Obxectivo	Recibir e atender aos clientes na recepción dun hotel e facer o check-in.
Tarefa final e microtarefas	Primeira edición do xornal escolar de aula: titulares de artigos microartigos de interese escolar publicidade
Contidos funcionais	Describir onde atopar algo Encher formularios de clientes Solicitar e responder a reservas
Contidos sociolingüísticos	Convencións sociais para solicitar información e describir
Contido léxico-semánticos	Describir lugares Información relevante nun hotel
Contidos gramaticais	Preposicións con dativo (wo?): in, an, auf, neben, vor, hinter, zwischen, unter, über, bei Os verbos: stehen, hängen, liegen Artigos determinados e indeterminados en dativo Números ordinais en nominativo e dativo Posesivos: unsere
Contidos fonéticos	Vogais curtas e longas
Contidos socioculturais	Hoteis tradicionais

Unidade 8

Tema	Quer durch Berlin!
Temporalización 08/05-17/05/2024	3 sesións 120 minutos
Obxectivo	Orientarse nunha nova cidade
Tarefa final e microtarefas	xincana na cidade de Berlín
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para pedir información para preguntar por como chegar a algures.: Control de comunicación: Ler un plano do metro. Ler e escribir un texto sobre medios de transporte . Información xeral: Pedir e dar información sobre lugares. Decir que medios de transporte se usa. Decir cómo se despraza ao traballo. Decir que se fai. Decir como se ten que viaxar Petición de instrucións e suxestións: Pedir axuda e servizos.
Contidos sociolingüísticos	Condições de vida: Medios de transporte . Descripción de cómo chegar a un determinado lugar.
Contido léxico-semánticos	Bens e servizos públicos: Medios de transporte. Lugares de interese na cidade.
Contidos gramaticais	O artigo en Dativo. As partículas interrogativas: wohin, wie lange e seit wann. As preposicións de dativo: mit, aus, von, bei, zu, seit, vor, nach. Contraccións: vom, beim, zum, zur.
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción dos sons consonánticos: s e sch
Contidos socioculturais	Condições de vida: Uso dos distintos medios de transporte nos países de fala alemá e o noso país.

Unidade 9

Tema	Im Restaurant
------	---------------

Temporalización 20/05-24/05/2024	2 sesións 120 minutos
Obxectivo	Expresar as comidas preferidas. Saber realizar compras nun mercado ou súper. Saber pedir nun restaurante.
Tarefa final e microtarefas	Elaboración dunha lista de compra para ir ao súper (montado na aula con alimentos de xoguete) a comprar. Escenificación dunha situación nun restaurante.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Saudar e despedirse. Dirixirse a alguén. Agradecer. Levar a cabo diálogos de compras. Pedir nunha cafetería. Información xeral: Pedir e dar información sobre prezos e cantidades. Preguntar se existe algo. Comprender un cartel anunciador nun mercado ou en tiendas. Comprender unha carta (Lista de prezos) Opiniós e valoracións: Expresar gustos acerca da comida. Expresar o que se quere e o que se ten que facer.
Contidos sociolingüísticos	Condições de vida: Café vienés.
Contido léxico-semánticos	Alimentación: Alimentos Envases Cantidades Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais Prezos e formas básicas de pagamento.
Contidos gramaticais	O adxectivo: Gradación: gern-lieber-am liebsten. O artigo cero (Nullartikel) O verbo: Os verbos modais wollen e müssen. A oración simple: o paréntese oracional nos verbos modais. O Konjunktiv: Ich hätte gern...
Contidos fonéticos	Correspondencia entre grafías e fonemas: Vogais i e ü.
Contidos socioculturais	Condições de vida: Coñecemento dos Kaffeehäuser vieneses.

Unidade 10

Tema	Guten Flug!
Temporalización 27/05-31/05/2024	2 sesións 120 minutos
Obxectivo	Orientarse no aeroporto Reservar vós e informarse sobre itinerarios de tren
Tarefa final e microtarefas	escenificación de diferentes situacións nun aeroporto.
Contidos funcionais	Usos sociais da lingua: Dirixirse a alguén para pedir información para preguntar por como chegar a algures.: Control de comunicación: Ler un plano do metro. Ler e escribir un texto sobre medios de transporte . Información xeral: Pedir e dar información sobre lugares. Decir que medios de transporte se usa. Decir cómo se despraza ao traballo. Decir que se fai. Decir como se ten que viaxar Petición de instrucións e suxestións: Pedir axuda e servizos.
Contidos sociolingüísticos	Condições de vida: Medios de transporte . Descripción de cómo chegar a un determinado lugar.
Contido léxico-semánticos	Bens e servizos públicos: Medios de transporte.
Contidos gramaticais	Pronomes persoais en acusativo Conxuncións: denn, aber
Contidos fonéticos	Recoñecemento e produción dos sons consonánticos: ng e nk
Contidos socioculturais	Condições de vida: Uso dos distintos medios de transporte nos países de fala alemá e o noso país.

4.4. Criterios de avaliación

Para os cursos de competencias para o público en xeral poderán solicitar un certificado de asistencia e aproveitamento de 60h. Nembargantes como nos demais cursos levarase a cabo unha avaliación formativa. Consultar o punto 8 desta programación

5. METODOLOXÍA

Neste curso escolar 2023-2024 ademáis de no curso presencial que xa vimos dando traballamos en paralelo coa aula virtual en Moodle para complementar e ampliar contidos aos que non se chegue por falta de tempo na clase presencial, a falta de instrucións sobre a posible administración das probas libres no mes de xaneiro.

No departamento de alemán acordamos manter a mesma secuenciación na aula virtual e presencial en cada un dos niveis. A efectos de seguimento en caso de modalidade e-learning só se terán en conta os contidos mínimos estipulados para cada un dos niveis no propio currículo. No caso de b-learning non haberá diferenza algunha coa modalidade presencial, simulando unha aula invertida.

Nesta aula virtual de moodle, traballarán tamén en modo e-learning/b-learning todos aqueles alumnos/as que non poidan asistir as aulas por motivos de emerxencia sanitaria especialmente, sempre titorizados pola profesora correspondente. Esta mesma aula virtual empregaremos, ademáis de Webex para as videoconferencias en caso excepcional de requirirse.

A distribución de contidos para a aula presencial será maioritariamente baseada na expresión e interacción oral, así como mediación oral.

En canto aos cursos monográficos:

Metodoloxía fundamentalmente proactiva e comunicativa, partindo sempre dos coñecementos previos no nivel B2 do alumnado para facilitar o seu progreso.

A selección de temas e a súa organización buscará motivar a todos os alumnos, polo que será necesario cambiar o seu enfoque, adaptándose sempre aos alumnos para facilitar a súa aprendizaxe. Trátase de favorecer en todo momento a súa autonomía na aprendizaxe.

O alumnado poderá así mesmo poñer en práctica inmediatamente unha variedade de técnicas e estratexias adquiridas neste curso.

Tanto as explicacións e instrucións do profesor/a como as intervencións dos alumnos serán en alemán exclusivamente.

Utilizarase material auténtico proporcionado polo profesor, aplicables a situacións reais que se poñerán en práctica no curso de forma activa por parte do alumnado.

Por tanto, adoptárase unha metodoloxía eminentemente comunicativa e funcional baseada na utilización de materiais auténticos e dirixidos á consecución de tarefas reais servindo como vehículo a lingua alemá.

5.1. Os enfoques metodolóxicos

O obxectivo principal da metodoloxía empregada é o desenvolvemento da competencia comunicativa dos alumnos, ou sexa, o uso do idioma, a través da

aprendizaxe dunha serie de destrezas que lles permitan comunicarse de maneira efectiva en situacións diversas do seu nivel.

A aula (tanto presencial coma virtual) concíbese como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe. Nestas situacións procurárase activamente a erradicación de comportamentos ou linguaxe sexista e o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios. Tamén extrapolar estas conductas ao enfoque b-learning ou e-learning, nos supostos indicados.

Cada docente pode abordar os contidos (no caso de e-learning ou b-learning teranse en conta os contidos mínimos marcados no currículo) de cada curso que imparte desde varios enfoques metodolóxicos:

- a elaboración de proxectos
- traballo por centros de interese
- a realización de tarefas
- traballo por tipos de textos
- simulacións reais do uso real do idioma
- actividades comunicativas de uso real
- actividades pedagóxicas (especialmente cando o alumno demostra certas carencias lingüísticas que lle dificulten a participación eficaz nas actividades enriba indicadas)

Continuamos neste curso afondando no reto de perfilar o enfoque metodolóxico cara un espazo virtual de e-learning e b-learning. Isto supón un cambio sustancial dentro do enfoque metodolóxico tendo en conta as distintas circunstancias en cada caso. As instrución e a elaboración de actividades e contidos terá que contar inevitablemente cunha maior dispoñibilidade de tempo por parte do profesor/a.

Debido á gran diversidade sociocultural e lingüística que se atopa nas aulas das EEOOII, cada docente é libre de elixir, na medida que estime oportuno, o(s) enfoque(s) metodolóxico(s) necesarios para atender as necesidades dos seus alumnos segundo os recursos didácticos dispoñibles no centro. Independentemente da súa elección, os enfoques metodolóxicos empregados sempre:

- estarán orientados á acción
- crearán contextos de aprendizaxe que axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe
- fomentarán a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula como fóra dela.

A interacción será unha prioridade dentro da aula, deixando claro que o papel dos alumnos será fundamentalmente o de participantes activos no desenvolvemento da clase, polo que primará o traballo en grupos ou parellas.

5.2. Relación docente-aprendiz

Para que o desenvolvemento desta metodoloxía sexa eficaz e a aprendizaxe se produza, cómpre recordar a seguinte relación docente-aprendiz tal como a define o propio Decreto 191/2007, de 20 de setembro:

O docente é o deseñador, presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán as alumnas e os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais membros do grupo e co docente para atinxir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma. En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza; de maneira que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. No caso concreto do e-learning e b-learning o rol do titor/profesor antóxase máis relevante aínda se cabe dende a perspectiva da non presencialidade ou da semipresencialidade.

Ademais igual que no curso pasado hai que ter en conta o traballo de seguimento especial que suporá para o profesorado no caso de modalidade e-learning ou b-learning para o continuo contacto e motivación do alumnado.

As estratexias de aprendizaxe son maneiras de obter, comprender e reter a nova información na memoria para poder utilizala posteriormente; inclúen tanto a reflexión sobre o que se aprende e a maneira de aprendelo como as nocións, as motivacións ou a organización da aprendizaxe. Para garantir que a súa aprendizaxe se produza, os alumnos deben adoptar todas aquelas estratexias de aprendizaxe que estimen oportunas, contando en cada momento co asesoramento do docente. Algunhas destas estratexias son:

- Establecer de forma clara e realista os propios obxectivos e as necesidades a curto e a longo prazo.
- Organizar adecuadamente o tempo persoal para a aprendizaxe da lingua.
- Desenvolver o estilo de aprendizaxe que mellor se adapte ás características persoais e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos.
- Desenvolver e utilizar técnicas de estudo e de traballo adecuadas ás propias capacidades e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos obxecto de aprendizaxe.
- Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe.
- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñíbeis tanto dentro como fóra da aula e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua.
- Recoñecer e entender as función dos distintos tipos de actividades así como das diversas funcións do profesor.
- Comprender o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.
- Utilizar a autoavaliación como elemento de mellora do proceso de aprendizaxe.
- Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.).
- Tomar notas de palabras clave mentres se escoita ou se le.

- Empregar recursos para destacar a información importante dun texto.
- Utilizar distintas técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as táboas de clasificación.
- Utilizar a linguaxe aprendida a medida que se adquire.
- Aproveitar a presenza de nativos, ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para aclarar, verificar ou corrixir.
- Tolerar a comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
- Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe.
- Solicitar axuda, correccións, aclaracións ou confirmacións.
- Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua.
- Saber traballar en equipo, considerando os compañeiros como outra fonte máis de aprendizaxe.

6. RECURSOS

6.1. Materiais didácticos

- A1 Alemán Panorama, Deutsch als Fremdsprache – A1: Gesamtband, Kursbuch mit interaktiven Übungen und Augmented Reality, Finster, Andrea et.al., Cornelsen Verlag, 2015 978-3-06-120482-2 Deutsch
- A2 Alemán Panorama, Deutsch als Fremdsprache – A2: Gesamtband, Kursbuch mit interaktiven Übungen und Augmented Reality, Finster, Andrea et.al., Cornelsen Verlag, 2015 978-3-06-120498-3 Deutsch
- B1.1 Alemán Panorama, Deutsch als Fremdsprache – B1.1: Teilband, Kursbuch mit Augmented Reality, Finster, Andrea et.al., Cornelsen Verlag, 2017 978-3-06-120511-9 Deutsch
- B1.2 Alemán Panorama, Deutsch als Fremdsprache – B1.2: Teilband, Finster, Andrea et.al., Cornelsen Verlag, 2017 978-3-06-120517-1 Deutsch
- B2 Alemán Kompass DaF B2. Editorial Klett
- Nos cursos monográficos traballárase con materiais de elaboración propia.

6.2. Materiais recomendados por nivel

- Básico e Intermedio Gramática, Grammatik aktiv Deutsch als Fremdsprache, Cornelsen (Herder Editorial), 2013, 978-3-06-023972-6

6.3. Materiais de lectura recomendados

Ao longo do curso iranse facendo recomendacións de lecturas para cada nivel en función do núcleo temático obxecto de estudo. Neste curso ademais farase especial fincapé na posibilidade de participar nos diferentes clubs de lectura que oferta o departamento: un deles dirixido ao nivel básico e o outro aberto ao nivel intermedio.

6.4. Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC e TAC)

Dado o cambio producido na nosa sociedade no tema dos recursos tecnolóxicos resulta conveniente prever a utilización non só dos recursos dispoñibles no propio centro, senón tamén a utilización dos recursos existentes en Internet. Grande parte do alumnado é, por idade, cidadán do mundo dixital, o que supón que está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais. Ofrecerlle actividades de aprendizaxe non soamente centrada na cultura escrita impresa senón tamén na cultura dixital ha resultar certamente máis satisfactorio e ha contribuír máis á súa formación como usuarios dunha lingua coa literacia dixital que a sociedade e o mundo laboral esixen hoxe. Na selección e na utilización deses recursos convén ter en conta algúns aspectos:

- a) Favorecer o uso e redes sociais, e o uso do web como ferramenta para construír coñecemento e como un espazo de produción activa, e non só de recepción pasiva de información. Isto inclúe o uso de *blogs* (con textos, fotografías, audio –podcasts-, vídeo e outros materiais dixitais), *wikis* e outras ferramentas que permitan a creación de textos orais e escritos en colaboración, interactuando con outros usuarios da lingua que se está a aprender.
- b) Fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as tecnoloxías da comunicación dispoñibles en cada momento (chat, coreo electrónico, foros, telefonía ou vídeo conferencia a través de internet, etc.) para realizar proxectos con participantes de países nos que a lingua estudiada sexa o vehículo da comunicación ou se traballe de forma multilingüe, e fomentar a aprendizaxe en colaboración (Etwinning). Neste ano vimos de recibir a aprobación do noso proxectos Etwinning “No camino” no que traballaremos diferentes temáticas ao redor do Xacobeo.
- c) Favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na web (por exemplo, procuras guiadas, *webquests*, etiquetaxe e comentario de contidos dispoñibles na rede, etc.) utilizando a lingua que se estea a aprender.
- d) Promover a creación de índices de recursos de autoaprendizaxe en internet para o alumnado así como de recursos que poidan ser útiles para a práctica de lingua (ferramentas de escrita, dicionarios, radio, televisión, prensa, etc.)

- e) Promover a creación de índices de recursos didácticos para o profesorado, así como de recursos que poidan ser útiles para a didáctica da lingua (ferramentas de escrita, dicionarios, radio, televisión, prensa, etc.)
- f) Promover a creación de *webquests*, *padlets*, *quizlets* e outros recursos pedagóxicos en liña.
- g) Promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais como Moodle como ferramentas para favorecer a construción do coñecemento no traballo en grupo, para a titoría e a orientación individualizada do alumnado –que se pode facer tamén a través do correo electrónico ou doutros medios de comunicación a distancia–, e para favorecer a continuidade do proceso de aprendizaxe fóra da aula.
- h) Incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados por alumnado e profesorado na intranet do centro e tamén en internet, poñéndoos a disposición de toda a comunidade educativa.
- i) Elaborar no departamento un plan de utilización dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro, que recolla a formación necesaria para o profesorado que o necesite –de tal xeito que todo o profesorado poida facer uso deles–, a adecuada distribución horaria que dea a oportunidades de uso a todo o alumnado e a explotación didáctica deses recursos que se considere máis conveniente para cada nivel, e para as respectivas idades e coñecementos previos do alumnado.
- j) Introducir ao alumno no manexo e uso da plataforma virtual de moodle e dende o inicio de curso detectar necesidades especiais para suprimir a posible fenda dixital do alumnado.

Hai que ter en conta na selección e no uso dos recursos, criterios de accesibilidade –consonte os coñecementos previos –as idades e as necesidades educativas do alumnado e a neutralidade tecnolóxica, evitando favorecer determinados produtos comerciais en detrimento doutros, e preferindo sempre o uso de estándares abertos, de formatos que funcionen en diferentes plataformas, e de software libre e non comercial.

6.5. Recursos humanos

Este curso o Departamento conta con 3 docentes para cubrir a oferta académica de alemán do centro composta por un total de 7 grupos de cursos ordinarios distribuídos nos seguintes niveis: 2 grupos de A1, 2 grupos de A2 e un grupo por nivel até o B2. Además de 2 cursos monográficos cuatrimestrais para o público en xeral: “Deutsch Aktiv” para o perfeccionamento das destrezas de produción e mediación de nivel B2 e “Deutsch im Tourismus”, alemán para o turismo de nivel básico.

7. DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)

As Escolas Oficiais de Idiomas son lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesibles a todo tipo de aprendiz e nos que se potencia a capacidade de aprendizaxe autónoma do alumnado para que este poida ser activo, participativo e capaz de crear coñecemento adecuado tanto aos seus propios intereses como ao seu perfil.

Neste contexto, cabe sinalar que dentro do noso alumnado nos atopamos coa diversidade que só require de medidas ordinarias de adaptación dentro da aula (idade, orixe, distintos ritmos de aprendizaxe, motivacións, habilidades, coñecemento lingüístico, nivel educativo, etc.); e tamén, aínda que en menor medida, con necesidades especiais de apoio educativo, que necesitan medidas extraordinarias tanto dentro da aula como para as probas.

No relativo á diversidade dentro da aula, os casos máis frecuentes dentro das EOs son diferencias de:

- Idade –desde alumnado con 14 anos ata persoas maiores de 60–.
- Formación –desde os que teñen ou están facendo estudos universitarios ata os que soamente estiveron escolarizados no ensino obrigatorio.
- Perfís lingüísticos –desde persoas monolingües a persoas plurilingües, con graos de dominio diversos en diversas linguas, etc.
- Estilos de aprendizaxe.
- Capacidades, que poden requirir só medidas ordinarias ou chegar a presentar necesidades específicas que requiran medidas extraordinarias. Este punto engloba tamén ó alumnado con altas capacidades ou con altas capacidades para a aprendizaxe de linguas.

A identificación das distintas necesidades do grupo ten lugar por parte do profesorado durante os primeiros días de clase, tanto a través das actividades iniciais de toma de contacto como tamén a través da avaliación inicial ou de diagnóstico.

Por outra parte, a identificación das necesidades específicas de apoio educativo máis frecuentes nas EOs están relacionadas coa diversidade funcional de tipo motórico, auditivo e visual. Para a identificación destas necesidades, o profesorado de cada grupo pode decatarse desta necesidade e informar ó alumnado do seu dereito á adaptación tanto dentro da aula como para as probas pero, no caso de precisar tal adaptación haberá un prazo no que o alumnado debe solicitar as adaptacións presentando os informes e documentación pertinentes que acrediten esa necesidade. A función do profesorado neste caso sería a de informar desta posibilidade e adaptar despois a actividade de aula e, de ser o caso, as probas, seguindo as recomendacións do equipo de orientación de necesidades específicas da consellería.

No caso de termos alumnado con este tipo de dificultades específicas, aplicarase o establecido no punto 2 da Disposición adicional Cuarta do Decreto 191/2007:

“2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.”

7.1. Contidos

Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados na programación dentro do tempo contemplado na programación.

Por outra parte, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, para o alumnado con diversidade funcional severa, tanto dentro da aula como para as probas de progreso, promoción ou certificación, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.

7.2. Metodoloxía

A metodoloxía é fundamental para atender á diversidade. Unha metodoloxía ecléctica, baseada en tarefas e que fomente a autonomía do alumnado pode axudar a adaptarse á diversidade dentro da aula. Estas serán algunhas das medidas ordinarias que o profesorado podería adoptar:

- O traballo por secuencias de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización relacionadas co mesmo obxectivo, de xeito que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.
- A atención individualizada –nas aulas, nas titorías, etc.– que facilite a aprendizaxe por parte do alumnado así como o desenvolvemento dun ritmo de aprendizaxe personalizado e con maior autonomía.
- A formación de grupos de traballo no interior das aulas, fomentando a diversidade dentro deles para enriquecer así o produto da tarefa que van realizar.
- O traballo por proxectos/tarefas, nos que todos poden contribuír cos seus puntos fortes para a realización do produto final.
- O uso das TIC e TAC como ferramenta de autoaprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, unha relación cos seus erros menos pública mediante a realización de actividades autocorrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua.

A maiores, no caso de se precisar medidas extraordinarias debido ás situacións descritas anteriormente ou calquera outra de similar natureza, terase en conta

na selección de materiais, actividades propostas e uso de recursos, agrupamentos e mobilidade dentro da aula, etc. baseándose nos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes segundo a lexislación vixente.

7.3. Avaliación

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.

8. AVALIACIÓN

8.1. Procedementos de avaliación

As probas de avaliación e certificación do idioma guíaranse polo que se dispón no artigo 9 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. A consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado, que, en todo caso, se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
2. A avaliación da aprendizaxe e progreso do alumnado realizarase tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas, os contidos e os criterios de avaliación do currículo correspondente, concretados nas programacións didácticas de cada idioma, a través da recopilación de evidencias de aprendizaxe e empregando coma ferramentas de avaliación as rúbricas de referencia estipuladas para as probas de promoción e certificación segundo o nivel.
3. O grao de dominio lingüístico verificarase mediante o uso práctico da lingua en situación de comunicación, auténticas ou simuladas, e en todas as actividades lingüísticas establecidas no currículo correspondente.
4. As cualificacións definitivas obtidas polo alumnado nas ensinanzas oficiais de idiomas expresaranse mediante os termos de «apto» ou «apta», e «non apto» ou «non apta», podendo certificarse a cualificación numérica obtida.
5. A cualificación positiva final permitiralle ao alumnado a promoción ao curso seguinte dentro do mesmo nivel.
6. A superación das ensinanzas establecidas para o derradeiro curso de cada nivel, a través das probas correspondentes, conducirá á obtención do certificado deste e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

7. O alumnado que non supere todas as actividades de lingua establecidas no currículo de cada curso do nivel correspondente deberá repetir o curso.
8. A consellería competente en materia de educación deberá garantir o dereito do alumnado a ser avaliado consonte criterios obxectivos.
9. A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será, como máximo, do dobre da duración establecida na normativa vixente para cada nivel dos diferentes idiomas.

Cómpre, ademais, ter en conta que, mentres non se derogar, segue vixente a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 19 de abril que a modifica, agás naquelas disposicións que se opoñan ao establecido no devandito decreto 81/2018. No momento en que se producir unha modificación desta normativa seralle notificada a todo o alumnado polo seu profesorado.

8.2. Tipos de avaliación

8.2.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

8.2.2. Avaliación de progreso (ou formativa)

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe.

Nas plataformas virtuais a avaliación de progreso virá dada pola propia ferramenta de seguimento e avaliación da propia plataforma, neste caso moodle. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

Na última semana de xaneiro empregárase ademáis a ferramenta “CentrosNet” para informar dun xeito oficial do progreso do alumnado en base, como mínimo, ás evidencias recollidas na aula a través das tarefas finais das diferentes unidades didácticas, nas que se avaliará non só o produto final, senón tamén o proceso de elaboración e desenvolvemento dos mesmos. As ferramentas a empregar serán as diferentes rúbricas xa establecidas para as probas de promoción e certificación segundo o nivel.

8.2.3. A autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. Moi importante a incorporación da autoavaliación nos exercicios ou tarefas de autoaprendizaxe na propia plataforma virtaul. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodoloxía...)
- A coordinación co resto do profesorado

8.2.4. Avaliación de promoción (ou sumativa)

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de

lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas. A través de Moodle nos cursos de avaliación de promoción recolleranse os resultados de seguimento e avaliación da propia plataforma virtual.

8.2.5. Avaliación certificadora

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Os criterios de avaliación para os cursos de certificación adaptaranse ao disposto pola normativa vixente ao momento da realización das probas.

O alumnado será informado previamente e con antelación suficiente no relativo ás probas de lingua que sexan obxecto de avaliación para as destrezas no curso 2023-24; segundo os procedementos de avaliación, promoción e permanencia do alumnado establecidos pola consellería competente en materia de educación. O alumnado será informado por escrito do seu rendemento académico.

8.2.6 Seguimento do desenvolvemento da programación

No que se refire á valoración e revisión do desenvolvemento e do resultado da programación didáctica por parte deste departamento, farase uso, na medida que se estime oportuna, os procedementos indicados a continuación:

- 1 Reunións de departamento
- 2 Enquisas de autoavaliación dos alumnos
- 3 Enquisas de autoavaliación dos profesores
- 4 Guías de análise
- 5 Banco de actividades para compartir no departamento
- 6 Enquisas dos alumnos e dos profesores
- 7 Pilotaxe da programación didáctica por parte de cada membro do departamento.
- 8 Informes mensuais por parte de cada profesor sobre o cumprimento da secuenciación dos contidos e os obxectivos
- 9 Sesións de coordinación nas que se compartirán materiais e realizarán postas en común entre os membros do departamento para os diferentes niveis

8.2.7 Avaliación interna do departamento

Establécense os seguintes mecanismos de avaliación do departamento:

1. Seguimento das tarefas e funcións de cada membro do departamento: responsable TIC, coordinación e xefatura, a través dun cuestionario de autoavaliación.

2. Valoración en reunións periódicas dos resultados dos proxectos e actividades extraescolares propostas polo departamento.
3. Control á asistencia do alumnado, para detectar xa dende o inicio posible descontento e prever o abandono.
4. Enquisa online a cumprimentar polos alumnos sobre o profesorado, metodoloxía, procedementos de aula e satisfacción en xeral, a desenvolver a finais do segundo cuadrimestre. Os resultados destas enquisas requirirán dunha valoración por parte do departamento en reunión e recollidos en acta de departamento.
5. Intervencións específicas en caso de acadarse resultados negativos nalgunha das enquisas: fomentárase a autoavaliación e autocrítica do profesor en cuestión e tentarase darlle apoio para solventar canto antes a situación, como por exemplo:
 1. Observando e valorando a preparación e programación de aula, asistindo como observador as propias aulas que presentan datos negativos
 2. Reunións co delegado de curso para recabar máis información ó respecto
 3. Seguimento dos cambios levados a cabo para a mellora do ensino
 4. De non apreciarse cambio nin mellora informarase á xefatura de estudos ou dirección desta problemática, quen terá que adoitar as medidas que estime oportunas.

Premiarase, valorarase e fomentárase o traballo en equipo e a organización interna do departamento.

9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ou COMPLEMENTARIAS

O departamento de alemán propón para este curso 2023-2024 as seguintes actividades culturais.

Primeiro cuadrimestre:

- Outubro: Oktoberfest. Retomaremos a tradicional festa alemana ca degustación de salchichas.
- Novembro: Celebración: Sankt Martin. Mesa informativa na entrada da EOI coa información da festividade. Na aula pódense desenvolver distintas actividades relacionadas coa temática.
- Decembro: Actividades típicas do Nadal a desenvolver nas aulas.
- Xaneiro e Febreiro: Sesións de E-Sport na zona exterior do centro (se a climatoloxía acompaña) a través de Gymondo

Segundo cuadrimestre:

- Febreiro: Filmfestspiel Berlin: Festival Internacional de Cine de Berlín. Creación e colaboración co alumnado e ca radio da EOI nun ciclo de novela radiofónica en colaboración coa biblioteca
- Marzo: Gymkana na busca de Ovos de Pascua organizada dende as aulas e actividades típicas da Pascua Alemana.

- Abril: Día do libro. 23 de abril. Actividades de fomento da lectura en alemán en colaboración coa biblioteca do centro.
- Maio: Experiencia culinaria co Chef Manuel Melón na praza de abastos de Vilagarcía
- Maio: Organización dunha viaxe de estudos a un país de fala alemá de seren posible e habendo suficientes participantes cara o final do curso.
- Xornadas de xogos e Escaperoom con diferentes temáticas. Data sen determinar

Ademais, o departamento estará aberto a participar en calquera outra actividade que xurda durante o ano e que se considere interesante para o alumnado contribuíndo a enriquecer a ensinanza da lingua e a cultura dos países de fala alemana.